2015

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL

IGADIXXV 1991/2016

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2015

WWW.IGADI.ORG

O exercicio 2015 foi un ano de **traslado e progresivo asentamento** na nova sede sita no Centro Cívico Sur de Pontevedra, na rúa Luís Braille, 40, onde programamos a inminente conmemoración dos nosos **primeiros 25 anos de existencia**.

1. Asesoramento institucional

Mantivemos o compromiso coa dinamización da **Comisión de Acción exterior** do **Consello da Cultura Galega,** afondando nas posibilidades de implementar unha diplomacia cultural adaptada á dimensión e potencialidades do noso poder brando. Tamén levouse a cabo unha primeira exploración sobre as posibilidades de habilitar estratexias exteriores nalgunhas instancias do **novo poder local galego** xurdido tralas eleccións do 27 de maio, definindo os seus contidos.

2. Asistencia técnica

O IGADI exerceu a Secretaría Técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (www.fondogalego.org).

3. IGADIPaper

Cos IGADIPaper trátase de afondar, de maneira equilibrada e sintética, nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade. En 2015, elaboráronse un total de 15.

IGADIPaper
#148
THE SMITH COMMISSION AND THE FUTURE OF SCOTLAND: A FIRST EVALUATION

IGADIPaper
#149
BOKO HARAM

IGADIPaper
#150
A ESTRATEXIA DE SEGURIDADE NACIONAL DE EUA 2015

IGADIPaper
#151
A ASOCIACIÓN TRANSATLÁNTICA DE COMERCIO E INVESTIMENTO (TTIP)

IGADIPaper
#152
ISRAEL TRALAS ELECCIÓNS PARLAMENTARIAS

IGADIPaper
#153
GUERRA NO IEMEN: AS CHAVES XEOPOLÍTICAS DO CONFLITO

IGADIPaper
#154
PANAMÁ, 10-11 DE ABRIL DE 2015

IGADIPaper
#155
CARA UN SISTEMA MULTIPARTIDISTA EN GRAN BRETAÑA?

IGADIPaper
#156
BANDUNG 1955-2015


IGADIPaper
#157
UK ELECTIONS 2015: WHEN BRAVEHEART CONQUERS WESTMINSTER


IGADIPaper
#158
MÉXICO: ELECCIÓNS LEXISLATIVAS 2015

IGADIPaper
#159
NOVA ETAPA ENTRE EUA E CUBA

IGADIPaper
#160
BRASIL: FRAGUANDO A ERA POST-PT?

IGADIPaper
#161
EUROPA ANTE A CRISE DE REFUXIADOS SIRIOS

IGADIPaper
#162
ELECCIÓNS EN GRECIA: A REVÁLIDA DE TSIPRAS

IGADIPaper
#163
ELECCIÓNS ARXENTINA 2015: A POLARIZACIÓN POST-KIRCHNER

4. Informes Anuais

O **Igadi Annual Report** (2014-2015), *Na procura de alternativas*, por oitavo ano consecutivo, amosou un balance desigual da situación internacional caracterizada tanto pola aceleración das reformas nos modelos tradicionais como polo rexurdir das tensións entre os principais protagonistas do acontecer global. Ademais, por sexta vez, publicouse o **We in the World - Nós no Mundo**, *Unha acción exterior descapitalizada*, unha reflexión sobre os pasos atrás rexistrados nos últimos anos a propósito da nosa acción exterior. Na elaboración destes informes contamos cun selecto elenco de colaboradores.

5. Publicacións

Ao longo de 2015, publicáronse os dous números correspondentes á revista semestral **Tempo exterior.** O **número 30** prestou atención ao proceso de paz en Colombia, a situación en Arxentina, Uruguai, Bolivia ou a paradiplomacia en Brasil e as novas perspectivas da Ruta da Seda e Asia Central. O **número 31** prestou atención á acción internacional da UPG, a aspectos da situación política en Brasil, Haití ou Cuba, tamén ao Sahara ou Rusia ou Taiwan.

Con edicións do Cumio tamén instamos a publicación de "*O perdurable legado de Fernando Pérez-Barreiro*", obra que foi presentada en Ferrol o 28 de Maio.

Igualmente editamos o volume 9 de Texturas Internacionais "*Ramón Lugrís, Sempre Galicia, Sempre Europa*", en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

6. Páxina web

www.igadi.org consolida a súa audiencia e regularidade: 170.571 visitas, das cales 85.234 son visitantes únicos, cunha medida de 14.000 visitas por mes e 7.000 únicos.

Mentres o número de adheridos en Facebook ascendeu a 673.

IGADI
WE the WORLD 2015
Unha acción exterior descapitalizada

IGADI ANNUAL REPORT 2014-2015
Na procura de alternativas
En Galicia temos opinión do Mundo
www.igadi.org

9
TEXTURAS INTERNACIONAIS
IGADI
Xosé Luís Franco Grande e Xulio Ríos (editores)
Ramón Lugrís
Sempre Galicia, Sempre Europa

Tempo exterior
Segunda etapa
Vol. XVI (I)
nº 30 / Xaneiro-Xuño 2015
P.V.P. 10 euros
www.igadi.org
REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS
Carta aos lectores
Unha aproximación ao papel da comunidade internacional en escenarios de postconflito
Angélica Alba Cuellar
Os desafíos e dilemas na construción da paz na Colómbia: potenciais aprendizagens a partir de vírias experiencias internacionais
Miguel Barreto Henriques
Leccións para a reconciliación en Colombia desde o local. O caso da Vereda La Esperanza
Egoitz Gago Antón
Unha estratexia nacional arxentina para unha época de transición: China, importacións militares e realismo periférico
Carlos Escudé
Transición presidencial, frontes electorais e reconfiguración ideolóxica do campo político na Arxentina contemporánea
Julio César Spota
Análise do ciclo electoral 2014 en Uruguai e dos erros das enquisadoras
Gerardo Caetano e Lucía Sellos
O alcance da interculturalidade en Bolivia
Sara Collazo Santaclara
Elementos iniciais para unha mirada rexional á paradiplomacia dos estados brasileiros
Yuri Fraccaroli
Asia Central no contexto xeopolítico da New Ruta da Seda e a Unión Eurosiática
Sansanis Fabelo Concepción e Ángel Rodríguez Soler
De onte a hoxe: dimensións, alcances e estratexias na Ruta da Seda do século XXI
Xulio Ríos
Libros
Resumo-Resumen-Abstract
IGADI
www.igadi.org

Tempo exterior
Segunda etapa
Vol. XVI (I)
nº 31 / Xullo-Decembro 2015
P.V.P. 10 euros
www.igadi.org
REVISTA DE ANÁLISE E ESTUDOS INTERNACIONAIS
Carta aos lectores
As relacións internacionais da UPG: 1977-1984
Xosé María Blanco Rubio
Portugal: Presidente versus Parlamento
José Antonio Passos Palmeira
Brasil: do "apogeu" á "crise"
Wagner Iglecias
A construción do Estado en Haití: a política como ferramenta e obxectivo
Fernando Soto Maceiras
A cooperación internacional en Cuba dende a perspectiva das ONGDs estranxeiras: pertinencia, retos e perspectivas
Iria Folgueira
Institucionalización das dicotomías nas relacións de cooperación e integración económica de China e Taiwán
Diego Eduardo Maturi
Taiwán ante as eleccións presidenciais de 2016: Cambiar para que nada cambie?
Andrés Herrera Feligreras
O protagonismo de Rusia no século XXI
Txente Rekondo
Sáhara Occidental: Estratexia para unha nova batalla pola paz
Santiago Jiménez
Reflexións sobre sobre o TTIP: un acordo incompleto
Celso Cancela Outeda e Paula Lamoso González
Libros
Resumo-Resumen-Abstract
IGADI
www.igadi.org

7. Colaboración cos medios de comunicación

En 2015, os analistas, investigadores e colaboradores do IGADI compareceron en emisoras de radio, prensa, revistas e televisións de diferentes países (Arxentina, China, Colombia, Chile, Ecuador, España, Francia ou Rusia) para ofrecer os seus puntos de vista sobre temas de actualidade internacional.

8. Análise internacional

Este aspecto do labor do IGADI concretouse na elaboración dun total de 327 artigos (fronte a 285 en 2014), distribuídos do seguinte xeito:

África (2);
Asia (12);
Cuba (10);
EUA (13);
Europa (40);
América Latina (33);
Nacionalismos (3);
Oriente Medio (19);
Rusia (5);
China e mundo chinés (146);
Acción exterior de Galicia (11);
Cooperación ao desenvolvemento (0);
Outros (33).

9. Exposicións, conferencias, mesas redondas e simposios

A participación neste tipo de actividades, ofrece o seguinte resumo:

Exposicións: 1
Conferencias: 3
Mesas redondas: 1
Simposios electrónicos: 1

10. Estudantes en prácticas

En 2015 acolleuse a tres estudantes da USC en réxime de prácticas: **Martín Boado Carro**, **José Delgado Romero** e **Daniel Arias Armesto**.

Tamén realizaron prácticas **Yuri Fraccaroli** e **Cintia Piñeiro Cordeiro.**

11. Colaboración universitaria

O IGADI e o campus de Pontevedra da Universidade de Vigo fixeron votos para incrementar a súa cooperación, tanto no eido cultural como investigador. Froito diso foi a conferencia impartida na cidade do Lérez polo profesor estadounidense **Jared Larson,** a colaboración no1º Congreso Internacional sobre Fronteiras Comparadas ou a convocatoria do primeiro Congreso de Estudos Internacionais de Galicia que terá lugar en xuño de 2016.

Tamén retomamos a colaboración coa portuguesa Universidade Fernando Pessoa.

12. Programas de investigación

Debido ás dificultades de funcionamento derivadas das restricións orzamentarias, os programas de investigación víronse temporalmente paralizados.

13. CIDIC (Centro de Información e Documentación Internacional Contemporánea)

En 2015 continuouse co axuste das subscricións, fomentando en maior medida os intercambios.

14. Consello Reitor

Aprazou a súa xuntanza para 2016. O IGADI expresou o seu fondo pesar pola repentina morte de Ramón Lugrís (2 de decembro). O IGADI tamén colaborou na homenaxe dispensada a **Lois Tobío** no Salón Nobre de Fonseca o 27 de xuño a instancias da Irmandade Xurídica Galega.

15. Nómina de analistas e colaboradores

Angélica Alba Cuéllar
David Alvarado
Carlos Amable Baliñas Fernández
Katarzyna Araczewska
Miguel Barreto Henriques
Teresa Barro
Miguel Barros Puente
José Blanco López
Xosé María Blanco Rubio
Gerardo Caetano
Celso Cancela Outeda
Sara Collazo Santaclara
Constantino Cordal Rodríguez
Soledad Cruz
Fernando Delage
Julio A. Díaz Vázquez
Diego Eduardo Maturi
Carlos Escudé
Sunamis Fabelo Concepción
Sandrina Ferreira Antunes
Xosé Manuel Figueiras
Iria Folgueira
Yuri Fraccaroli
Xosé Luis Franco Grande
Egoitz Gago Antón
Jesús Gamallo Aller
Valentín García Gómez
Jaume Giné i Daví
Daniel González Palau
Andrés Herrera Feligreras
Wagner Iglecias
Marcelo Javier de los Reyes
Santiago Jiménez
Jared Larson
Alvaro Xosé López Mira
Xoán López Facal
Jorge E. Malena
Víctor Manuel Manríquez González
Manuel Martínez Justo
José Mateo Rodríguez
Manuela Mesa Peinado
Francisco Millán Mon
Ana Miranda
Roberto Montoya
Alba Nogueira
Daniel Panizo Bartolomé
Alejandro L. Perdomo Aguilera
Alberto Piris
David Reinero González
Txente Rekondo
Gonzalo Rodríguez Mourullo
Ángel Rodríguez Soler

Pilar Rojo Noguera
José Ruíz Andrés
José Antonio Sanahuja
Lucía Selios
Pascual Serrano
Fernando Soto Maceiras
Julio César Spota
Isabel Stanganelli
Alfredo Toro Carnevali
Alfredo Toro Hardy
Ricardo Torres
Juan Valdés Paz
Enrique José Varela Álvarez

16. Relacións e colaboracións

Cabe salientar a normalidade das relacións establecidas coas entidades homólogas.

En colaboración coa **Academia de Taiwán**, o IGADI resolveu unha cuarta convocatoria de dúas becas para a aprendizaxe do chinés e para cursar estudos de doutorado en Taiwán. En colaboración coa Universidade Normal de Jiangsu, iniciamos a elaboración dun primeiro volume de estudos sobre as relacións entre China e Iberoamérica, no marco do Centro **de Investigación Cooperativa Internacional de Iberoamérica** (Xuzhou, China).

En 2015, o IGADI pasou a ser centro asociado da rede CLACSO.

17. Observacións Finais

1.O IGADI quer deixar constancia pública do **agradecemento ao concello de Pontevedra** polo apoio prestado para acomodar as súas instalacións no Centro Cívico Sur.

2.Ao longo de 2015, o IGADI tamén dedicou parte do seu labor á dinamización de entidades como a **Fundación Plácido Castro,** o **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** ou o **Observatorio de la Política China**, que dispoñen das súas propias Memorias e ás cales remitimos.

Os datos aquí recollidos poden ampliarse en www.igadi.org.